

## Escritor

Un ano máis tarde, en 1950, publica un conxunto de 20 poemas, dedicados á súa primeira filla a quen a familia alcumaba de pequena como *Colorín*.

Todos os poemas están cheos de tenrura e de musicalidade, nacen de experiencias cotiás que xiran ao redor da relación do pai e da nai coa súa filla, experiencias coas que pouco a pouco se achega o poeta ao mundo que a rodea.

Era un airiño suave  
Que se ergueu pola mañá  
E viña de non se sabe.

Era un recendo de rosas  
Da roseira de ninguens,  
Que se meteu pola porta.

Era unha cantiga leda  
Que nacía non sei onde  
E petaba na fiestra.

Era unha graza sutil  
Que baixaba das estrelas...  
¡Eras tí!

Desde as primeiras páxinas da *Roseira do teu mencer*, o autor deixa claro quen é a orixe e a destinataria dos poemas: a súa pequena filla *Colorín*.

Ao ver que non tiñas nome  
maxinamos que serías  
ventureiríña do monte.

Floreceíña ventureira  
que -ao mellor- naceu co orballo  
nunha luzada de estrelas.

Como andabamos a rir  
-ventureiríña do monte!-  
chamámosche *Colorín*.

*Colorín* convértese na "protagonista" principal dos poemas, felizmente acompañada polas avelaíñas, o vílorico, o año pitaño, a cabuxa luxa e o arco da vella, que guían os seus días e os seus sonhos.

En 1953, presenta o seu terceiro gran poemario, *Canle segredo*, premiado no certame literario Eduardo Pondal, organizado polo Centro Galego de Bos Aires, mais que non será publicado ata 1976. A crítica contra un mundo inxusto ("Os importantes", "Ise neno da rúa", ...) e a nostalxia do tempo da infancia perdida ("Neno", "Os acíos", ...) inspíran moitos dos versos deste poemario de madurez.

### OS ACÍOS

Canto dera eu agora por un acío  
daqueles que colíamos a furto  
das parras encostadas  
nas roíñas de Dona Mariquíta!

Acíos de uvas douradas, brancas, mouras,  
ateigadas de zumes e lembranzas,  
que unha man sílandeira  
-a man do tempo-  
nos puña cada outono diante dos ollos  
abertos á cobiza. Aí, Deus, quen dera!  
(...)

O humor é un dos trazos da obra de Xosé M.<sup>a</sup> Álvarez Blázquez. O sentido do humor tamén foi o que o levou a publicar o *Día dos Santos Inocentes* de 1953 o *Cancioneiro de Monféro*, obra que fixo pasar por un cancionero medieval, aínda que pouco despois el mesmo desfecía o engano.

O seu fillo Xosé María Álvarez Cáccamo recolleu no volume *Poesía galega completa* a obra do seu pai, un dos máis valiosos poetas do seu tempo.

